

-Ana Comesaña Álvarez.
Subdirectora xeral de Políticas de Persoal.

-Manuel López López.
Subdirector xeral de Réxime Retributivo e Xestión de Persoal.

-Paula Oliete Trillo.
Xefa do Servizo de Desenvolvemento Profesional.

-Javier García Caeiro.
Servizo de Relacións Laborais.

-Manuel Díaz López.
Servizo de Relacións Laborais.

-Alberto López Suárez.
Servizo de Relacións Laborais.

Polas organizacións sindicais:
-CIG.
Xoán Cons Pintos
Víctor Vila López.
Xan Ramón Fernández Cid.
Manuel González Moreira.
-CEMSATSE.
José Manuel Blanco Docanto.
Cándido Andión Núñez.
M^a Teresa Joaquín Suárez.
-CSI-CSIF.
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez.
José Antonio Lamelas García.
-CC.OO.
Xosé Ramón Lago Bouza.
-UGT.
Javier Martínez Fente.
Rosa María Vilas Vidal.
-USAE.
Javier Barril González.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Orde do 10 de marzo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, escala técnica de finanzas.

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 56, do luns 24 de marzo de 2008, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 4.878, no anexo II, onde di: «Taxa: denominación: inscrición no proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A», debe dicir: «Taxa: denominación: inscrición no proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, escala técnica de finanzas».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 10 de novembro de 2007 pola que se convoca procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.

Advertida unha omisión na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 221, do xoves 15 de novembro de 2007, no anexo III, baremo para a valoración de méritos, é necesario engadir ao final da páxina 18.322 a disposición adicional décimo terceira, polo que queda: «Décimo terceira.- De conformidade co establecido no anexo II do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, os aspirantes non poderán obter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos».

Corrección de erros.-Orde do 3 de marzo de 2008 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios, para cubrir postos de profesoras/es en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

Avertido un erro na devandita orde, publicada no DOG nº 51, do 12 de marzo de 2008, cómpre facer a seguinte corrección:

No anexo I, no posto nº 7 «Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, prazas Santiago de Compostela: 1 (mestra/mestre)», debe dicir: «Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, prazas Santiago de Compostela: 1».

Resolución do 6 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se publica a adxudicación provisional de destinos do concurso de traslados de mestres convocado pola Orde do 30 de outubro de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 8 de novembro).

En aplicación do disposto na disposición trixésima da Orde do 30 de outubro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de novembro), esta secretaria xeral resolve facer pública a adxudicación provisional dos destinos obtidos no concurso de traslados convocado pola orde que se cita.

Contra esta resolución poderase presentar reclamación no prazo de 10 días hábiles desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Poderase, no mesmo prazo, presentar desestimento á participa-